

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE: SUBMINISTRO E IMPLANTACIÓN DUNHA AMPLIACIÓN DA INFRAESTRUTURA DE SERVIDORES PARA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, COFINACIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020.


1. FUNDAMENTACIÓN DA IDONEIDADE QUE XUSTIFICA A CONTRATACIÓN

1.1. MOTIVACIÓN

O Concello está licitando a adquisición dunha solución de administración electrónica para o Concello de Santiago que permita cumprir a lexislación en materia de administración electrónica e, en particular, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público (Expediente CON/60/2016).

Máis en detalle, a lexislación á que o proxecto espera dar cumprimento é a seguinte:

- Lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal
- Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público
- Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 15/1999 de protección de datos de carácter persoal
- Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica
- Real Decreto 3/2010, polo que se regula o esquema estatal de seguridade no ámbito da administración electrónica
- Real Decreto 4/2010, polo que se regula o esquema estatal de interoperabilidade e as normas técnicas derivadas
- Real Decreto 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector público



- Lei 9/2014, de 9 de maio, de telecomunicacións
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Por outra banda, a transparencia e o bo goberno atópanse entre os obxectivos estratéxicos do Concello para os próximos anos, motivo polo cal se ven de aprobar a Ordenanza municipal de transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos, que necesita dunha ferramenta como a proposta para poder levarse a cabo con garantías.

O Concello participa no proxecto "Plataforma de goberno aberto, colaborativa e interoperable" xunto con Zaragoza, Madrid e A Coruña, que foi seleccionado pola Entidade Pública Empresarial Red.es no marco da convocatoria de axudas para o desenvolvemento do programa de cidades intelixentes da Axenda Dixital para España, sendo tamén esta ferramenta unha base imprescindible para a xeración de información de calidade que poida alimentar calquera plataforma de datos abertos e calquera servizo de interoperabilidade.


Toda esta evolución técnica e lexislativa fai necesaria unha modernización global da xestión municipal e particularmente do tratamento da información que teña en conta tanto aspectos técnicos coma organizativos, e que estea baseada na eficacia, na eficiencia, na calidade, na innovación, na seguridade, na interoperabilidade e na transparencia, sen deixar de lado dereitos tan importantes como a protección de datos de carácter persoal.

Non se trata polo tanto dun reto menor, que ademais debe acompasarse coa evolución do mercado das tecnoloxías da información e as comunicacións, e coas estratexias, iniciativas e servizos horizontais desenvoltos por outras administracións públicas, nomeadamente a Xunta de Galicia, o Goberno de España e a Unión Europea.

Débese aliñar este proxecto ademais coa estratexia do propio Concello no eido das cidades dixitais, e principalmente co proxecto Smart iAgo, o cal ten na administración electrónica un dos seus eixos fundamentais.

Para establecer as liñas de actuación, levouse a cabo a redacción do Plan estratéxico de administración electrónica, transparencia e bo goberno, que constitúe a folia de ruta para a transformación dixital nos vindeiros anos. Isto complementábase co estudo para a implantación de software libre e estándares abertos que se ven de realizar, e cuxos principios deben servir como base para este proxecto.

Inicialmente tiñase previsto licitar a solución de administración electrónica no marco das axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de



Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) para cofinanciamento mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, convocadas por orde HAP/2427/2015, concedidas segundo Resolución de 29 de setembro de 2016 da Secretaría de Estado de Presupostos y Gastos, publicada no BOE 239 de 3 de outubro de 2016.

Finalmente isto non foi posible porque, tendo redactados os pregos con anterioridade á concesión das axudas, as cláusulas administrativas presentaban certas incompatibilidades coa convocatoria.

Por este motivo, o Concello optou por financiar o proxecto con recursos propios e destinar a liña de axudas OT2 (Mellorar o uso e calidade das TIC e acceso ás mesmas) á adquisición da infraestrutura TIC indispensable para o seu funcionamento.

Este gasto está previsto na operación "Infraestrutura TIC para a administración electrónica e a innovación", que foi seleccionada en Xunta de Goberno Local con data 19 de xaneiro de 2018 para a súa tramitación perante a Autoridade de xestión do Programa Operativo de Crecemento Sostible.

Na correspondente "Expresión de interese" inclúese unha xustificación da necesidade de abordar, entre outro equipamento informático e de telecomunicacións, a ampliación da infraestrutura de servidores municipal que presta servizo ás aplicacións de xestión para dar soporte ás esixencias da nova solución de administración electrónica.

Para que a implantación da solución de administración sexa viable e constitúa un éxito con impacto real na Administración e na sociedade, resulta un requisito indispensable a dotación dunha infraestrutura de servidores axeitada.

A meirande parte da infraestrutura de servidores se atopa no seu ciclo de vida útil, pero require actualizacións hardware e software, así coma o seu complemento con novo equipamento, para acadar un correcto dimensionamento para garantir a total compatibilidade coa solución de administración electrónica, a súa posta en funcionamento cun óptimo rendemento, a posta en marcha de servizos asociados, e a configuración das obrigas medias de seguridade para o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade e a lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.

Debe poder soportar os requirimentos de procesamento e almacenamento da nova contorna de traballo: toda a información alfanumérica e documental, así coma cartográfica, na paulatina substitución do formato papel, e toda a información tratada e xerada para a posta a disposición de entidades externas en formato de datos abertos ou procesados para transparencia.



Ademais, a plataforma de administración electrónica estará deseñada para o acceso aos distintos servizos desde dispositivos móbiles coma teléfonos intelixentes e tabletas. Sen embargo, non se conta cunha solución que permita a mobilidade no posto de traballo, o que se pretende resolver coa implantación dunha solución profesional de conexión inalámbrica con cobertura en todas as dependencias municipais. Isto permitiría dotar ao persoal de dispositivos de mobilidade para o desenvolvemento da súa actividade, e ao mesmo tempo ofrecerá este acceso a terceiros (cidadanía, provedores, axentes sociais, etc.) aos servizos municipais a través dos seus propios dispositivos.

Para estes efectos, o prego inclúe a adquisición dunha infraestrutura completa de telecomunicacións, incluíndo todos os activos de rede necesarios, unha solución profesional de acceso WiFi, e un cortalumes que permita protexer a devandita rede e aplicar políticas de seguridade avanzadas.

1.2 DESCRICIÓN DO OBXECTO E ALCANCE

O obxecto da licitación é o subministro e implantación dunha ampliación da infraestrutura de servidores para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela.


O proxecto persegue a actualización e correcto dimensionamento do equipamento central do sistema informático municipal mediante a ampliación do parque de servidores e do sistema de almacenamento.

Forma parte do obxecto do contrato a completa instalación e posta en funcionamento do equipamento subministrado, con total integración co xa existente, así coma a migración das aplicacións, servizos e datos contidos que se describen no prego.


Para dar por recepcionado o subministro, o equipamento e solucións implantadas deben estar en funcionamento en fase de explotación e cos servizos que soporta completamente operativos e dispoñibles para os restantes equipos e usuarios que conforman a infraestrutura de servidores do Concello de Santiago de Compostela.

Máis en detalle, o prego establece unha listaxe coas principais tarefas, entre as que se inclúen:

- Subministro do equipamento hardware e software.
- Reformulo da instalación física:
 - Revisión da instalación de todo o equipamento existente nos armarios.



- Traslado de resultados da revisión e proposta de configuración ao Servizo de Informática.
- Recepción da aprobación da distribución definitiva polo Servizo de Informática.
- Establecemento de pautas de etiquetaxe do equipamento a instalar, incluíndo cableames eléctrico e de datos.
- Documentación detallada dos resultados da revisión e da distribución definitiva acordada para o equipamento actual e subministrado.
- Instalación do equipamento hardware en armario e reorganización do equipamento instalado segundo a disposición establecida no reformulo.
- Configuración e conexión físico de todo o equipamento hardware subministrado.
- Etiquetaxe dos compoñentes do equipamento instalado, incluíndo cableames eléctrico e de datos, segundo as pautas convidadas entre o adxudicatario e o Servizo de Informática.
- Instalación e configuración de todo o software subministrado, incorporando as últimas actualizacións dispoñibles.
- Execución de tarefas específicas para a consecución de cada actuación:
 - Integración do novo clúster na granxa VMware e instalación de módulos de memoria adicional no clúster "PRODUCCIÓN".
 - Implantación da solución de copias de seguridade para almacenamento en servidor NAS subministrado e en bibliotecas de cintas existentes.
 - Configuración de axustes e protocolos nos conmutadores subministrados para a conectividade dos servidores.
 - Verificación da conexión dos conmutadores subministrados co Core de Distribución segundo o procedemento establecido na oferta.
 - Reconfiguración dos conmutadores existentes para a conectividade da rede de almacenamento.
 - Implantación de solución antivirus na infraestrutura virtual.
- Integración co sistema de alimentación ininterrompida e configuración para o apagado ordenado do equipamento no caso de fallo prolongado de subministro eléctrico.



- Realización de probas de alta dispoñibilidade, rendemento e balanceo de carga.
- Entrega dunha memoria técnica da instalación e os manuais necesarios para a operación do sistema.

Trátase dun proxecto "chave en man" no que os equipos subministrados aproveitarán as vantaxes ofrecidas polo estado da arte da tecnoloxía, soportando en todo caso as funcionalidades ofrecidas pola infraestrutura actual, e dando cumprimento aos requirimentos técnicos establecidos no prego técnico, superando deste xeito en prestacións e capacidades ao equipamento existente.

2. DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

2.1 UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

Centro xestor proponente: Servizo de Informática (44-INFORMÁTICA)

Persoa responsable do seguimento: Jesús Rodríguez Castro, xefe de servizo de Informática.

2.2 OBXECTO DO CONTRATO

Subministro dunha ampliación da infraestrutura de servidores para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela.


2.3 PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Procedemento aberto.

2.4. DIVISIÓNS POR LOTES

Non existe división por lotes. A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulta a súa correcta execución desde o punto de vista técnico. O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza do seu obxecto, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que se podería ver imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. ART 99)

2.5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR



O proxecto persegue a actualización e correcto dimensionamento do equipamento central do sistema informático municipal mediante a ampliación do parque de servidores e do almacenamento segundo as directrices establecidas neste prego. Todas as actuacións deben ir encamiñadas ao cumprimento dos seguintes obxectivos:

- Alta dispoñibilidade e tolerancia a fallos mediante unha solución que conte coa redundancia hardware e os mecanismos de seguridade necesarios co obxecto de garantir a continuidade do servizo. O sistema deberá contar con mecanismos de detección de fallos que permita a resolución de incidencias e o mantemento do sistema en condicións óptimas.
- Mellora de rendemento que permita acadar un óptimo funcionamento da solución de administración electrónica e das aplicacións informáticas de xestión e outros compoñentes do sistema informático municipal que dan soporte aos servizos de administración electrónica.
- Escalabilidade para adaptar a solución ás futuras necesidades tanto de rendemento como de capacidade.
- Consolidación do modelo de virtualización de servidores e servizos. A solución actual xa se basea neste paradigma e as modificacións deben prever a posibilidade de avanzar neste eido coa virtualización de novos servidores ou abordar proxectos como o de virtualización de escritorio para a implantación de solucións baseadas no uso de clientes lixeiros.
- Compatibilidade con solucións cliente-servidor e virtualización de terminais e con sistemas baseados en aplicacións web. A solución aportada debe estar orientada a seguir explotando o modelo de virtualización de terminais, pero ao mesmo tempo dar soporte ao cada vez máis frecuente modelo de aplicacións en formato web, como é o caso da solución de administración electrónica.
- Flexibilidade para a correcta asignación de recursos segundo as necesidades de cada proxecto e aplicación incorporando as ferramentas necesarias para unha xestión centralizada. Co obxectivo de manter a premisa de simplicidade de xestión, buscarase unha xestión da solución no seu conxunto integrada no menor número posible de ferramentas.
- Posibilidade de administración de xeito remoto desde postos de traballo conectados á rede corporativa ademais de mediante a consola do armario.



- Aproveitamento da infraestrutura existente, é dicir, servidores, cabina de discos e sistema de copias de seguridade, incorporando todo o equipamento necesario para a súa conexión, posta en marcha e óptima explotación.
- Aplicación de medidas de seguridade física e lóxica e de protección da información tanto no que respecta ao acceso como á conservación, cumprindo co establecido na lexislación en materia de protección de datos, o Esquema Nacional de Seguridade e o Esquema Nacional de Interoperabilidade.

2.6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Non se dispón desta información no centro xestor.

2.7. OUTROS CRITERIOS DE SOLVENCIA

Considérase necesario que os licitantes contén coas seguintes certificacións:

- ISO 9001 de xestión da calidade
- ISO 27001 de seguridade da información
- ISO 20000 de xestión de servizos de tecnoloxías da información
- ISO 14001 de xestión ambiental

2.8. NOMENCLATURA (CPV)

Non se dispón desta información no centro xestor.

2.9. PARTIDA ORZAMENTARIA

Aplicación orzamentaria: 030 92001 62600 (2018 2 EDUSI 6)

Non se dispón de PRE-RC sendo necesario tramitalo como anticipado de gasto.

O proxecto será financiado co cargo ás axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) para cofinanciamento mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, convocadas por orde HAP/2427/2015, concedidas segundo Resolución de 29 de setembro de 2016 da Secretaría de Estado de Presupostos y Gastos, publicada no BOE 239 de 3 de outubro de 2016.



O importe do proxecto financiable, correspondente á liña de actuación OT2, é de 525.000,00 euros, sendo a taxa de cofinanciación do 80% (152.000,00 euros) e comprometéndose o asumir o Concello o 20% restante (38.000,00 euros).

FINANCIAMENTO	EDUSI OT2	PROPIO
	80%	20%
2018	152.000,00	38.000,00
TOTAL	152.000,00	38.000,00

2.10. TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

- Tipo base: 157.024,79 euros
- IVE (21%): 32.975,21 euros
- Total: 190.000,00 euros

2.11. PRAZOS MÁXIMOS DE EXECUCIÓN

O contrato terá unha duración máxima prevista de 3 MESES que se contarán a partir do día seguinte ao da súa formalización.

2.12. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía establécese en 2 ANOS a partir da recepción formal de cada equipo.

2.13. FACTURACIÓN

O provedor presentará a factura unha vez cumprido o obxecto do contrato e recepcionados os entregables polo Servizo de Informática.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2018

O xefe de servizo de Informática

O concelleiro delegado de Medio ambiente, convivencia e informática

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro

Asdo.: Xan Duro Fernández

Firmado por JESÚS
RODRÍGUEZ CASTRO -
34887777C el día
26/06/2018 con un
certificado emitido por AC
CAMERFIRMA FOR
NATURAL PERSONS - 2016

